

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 13 de xaneiro de 2026 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xaneiro de 2026, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado senda na AC-542 en Ordes, de clave AC/23/204.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón cento dezasete mil cincocentos noventa euros con trinta e tres céntimos (1.117.590,33 euros).

Antecedentes:

Con data do 4 de abril de 2025, publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 66, o Anuncio do 3 de marzo de 2025 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado da senda na AC-542 en Ordes, de clave AC/23/204.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xaneiro de 2026, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da senda na AC-542 en Ordes, de clave AC/23/204.06, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderase formular un recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, se poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xaneiro de 2026, polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da senda na AC-542 en Ordes, de clave AC/23/204.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón cento dezasete mil cincocentos noventa euros con trinta e tres céntimos (1.117.590,33 €)

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado da senda na AC-542 en Ordes, de clave AC/23/204.06, sen modificacións respecto ao trazado sometido a información pública.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado da senda na AC-542 en Ordes, de clave AC/23/204.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón cento dezasete mil cincocentos noventa euros con trinta e tres céntimos (1.117.590,33 €).

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Carral e Ordes, nos cales se asentán as infraestruturas obxecto do proxecto, deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, de ser o caso, se poidan aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: 4t1veik4-gjs3-muw3-kzz8-s1egm2hfyuy4

